

OS PECADORES

Ryan Coogler, 2025

1705

ESTREA EN NUMAX: 28.03.2026 | V.O.S.E. | +16 | 137 min

Ambientada nos anos 30, durante a época da Lei Seca, dous irmáns xemelgos (interpretados ambos polo actor Michael B. Jordan) volven á súa cidade natal varios anos despois de abandonala para tentar comezar de cero. Axiña se decatan de que un poder maligno moito máis terrible agarda o seu regreso a casa. Os vampiros tomaron o control do lugar e os dous irmáns terán que unir forzas para acabar con eles e volver recuperar a normalidade.

«Festín para os amantes do terror e 'A cor púrpura' de Spielberg nun relato pulp sureño»

Fausto Fernández, FOTOGRAMAS



Entrevista con Ryan Coogler: «Todo empieza e acaba no blues do delta do Mississippi»

Por Luis Martínez

Que é *Os pecadores* exactamente: unha película de vampiros, unha reivindicación do blues ou unha proclama contra o racismo? Para min, todo empieza e acaba no blues, no blues do delta do Mississippi. Esa foi a semente do proxecto e a mellor maneira que teño de definir a película. Forma parte da miña vida. Foi o meu tío James quen mo deu a coñecer. Durante moito tempo foi o home de maior idade da miña familia. Faleceu en 2015. Adoitabamos escoitar esa música cada vez que pasaba tempo con el. E cando morreu, atopeime escoitándoa como un ritual cada vez que o botaba de menos ou reflexionaba sobre el. E namoreime do blues. Fascíname a historia de como cambiou a cultura popular en todo o mundo. Se queremos entender o que é a música hoxe, dá igual que xénero. Sendo máis concreto, foi a canción “Wang Dang Doodle” a culpable de todo.

Este é o seu primeiro proxecto persoal desde a súa primeira película e dá a impresión que nel quixo mesturalo todo ata o punto de facer á vez un musical, un cinta de terror, unha reflexión política... Sentíase cuestionado por vir de facer *blockbusters*? A vida é unha mestura de xéneros ou, como din os músicos de blues, así é a vida. Ás veces é doce; ás veces, divertida; case sempre, sensual. E, como tal, eu quería que fose unha dose concentrada de vida. A estrutura de 24 horas dáche un lenzo para ter moitas películas nunha, porque así é máis ou menos un día. Se fixese unha película sobre a vida de calquera, pola mañá sería un drama doméstico coa túa parella e os teus fillos. Logo tomas o tren ou conduces, e entón convértese nun thriller laboral. Tes unha data límite e hai xente na túa oficina que non che cae ben. Quizá, por que non, sucede algo increíble de camiño ao coche. Se cadra róubanche a carteira e tes que perseguir a alguén. Xa estás nunha de acción...

Pode que nalgún momento ata te rías... Si, hai comedia tamén. Esa idea aprendina dalgúns dos grandes. Se ves *Fai o que debas*, hai moitas películas nunha. Spike Lee en casa con Rosie Pérez é un musical. E a comedia que sucede durante o día na pizzería, iso é outro xénero. E todo se converte nun thriller ao final. Penseino como unha oportunidade para facer unha película das que me sempre me gustaron, as de John Carpenter ou Robert Rodríguez...

E o que lle preguntaba sobre volver a un proxecto orixinal despois da tormenta Marvel? Quero pensar que é o público o que me levou ata aquí. Sentía mesmo un pouco de vergoña de refuxiarme en proxectos ou guións doutros e non abrimme a ese público global que cambiou a miña vida e fixo realidade os meus soños. Si, sentíame un pouco como un covarde por non facer antes algo que fóra completamente meu. Tiña que asumir o risco e é o que fixen.

"A arte é un camiño de liberación". Esta frase escóitase na película case como unha proclama política, é súa ou do seu personaxe? Miña, sen dúbida. A arte e o seu desfrute en comunidade é o que nos fai diferentes como seres humanos. É o acto de crear e o ritual de compartilo cos semellantes o que fai que a arte e a vida paguen a pena. Nada hai comprable a ver a un artista crear algo único en directo. O fluxo de enerxía nas dúas direccións colócanos noutro nivel espiritual de comunicación. Cando alguén como Miles Davis, con 18 anos, abre a boca, infla os seus pulmóns e provoca ese son, parece que vén doutro planeta.